

ROTEIRO POLAS FRAGAS DO EUME

O Mosteiro das Fragas



Neste roteiro percorrерemos algúns dos fermosos sendeiros do Parque Natural (PN) das Fragas do Eume, pero tamén teremos a oportunidade de coñecer destacados elementos etnográficos da contorna. Así, principiaremos a xornada nas Neves (Concello da Capela) percorrendo da man de Secundino García, un dos seus inspiradores, o [Parque Etnográfico do río Sesín](#), un interesante espazo natural recuperado, que alberga unha serie de muíños reconstruídos. Posteriormente, entraremos xa no PN, onde faremos un dos seus percorridos marcados, o denominado A Ventureira. O

PN das [Fragas do Eume](#) é un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa, aínda que o eucalipto tamén se faga visíbel en parte da súa área. Visitaremos o [Mosteiro de Caaveiro](#), encadrado no propio Parque e, entre espazos de bosque autóctono, camiñaremos pola beira do río até as centrais do Parrote e o Eume. Despois da camiñada, uns dez quilómetros que se fan máis extensos pola estreiteira da senda, a variedade da vexetación e o cambiante do terreo, visitaremos o [Museo Etnográfico da Capela](#) e, se tivermos tempo, tamén a [Escola-Museo de Guitriz](#), un espazo recentemente inaugurado que replica con esmero unha escola rural da época franquista.

Lonxitude: 10 km.

Dificultade media. Prevese terreo escorregadizo, polo que se aconsella levar bastón.

Colabora: Asociación Cultural Roxín Roxal.

DOMINGO, 19 DE FEBREIRO DE 2017

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.



**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.
O bo humor é cousa de tod@s**

PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

26 Marzo: Vides, adegas e batuxos – Chantada

23 Abril: Ferrarías e fornos – A Pontenova

21 Maio: A vida comunal – Negueira de Muñiz

11 Xuño: Muíños do Picón e Folón – O Rosal